



CIRCULAR 10/2018-MODIFICADA

- A todas as Delegacións (*)

- A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

XXXII CAMPIONATO DE GALICIA DE MASTER DE CAMPO A TRAVÉS Cabañas (Ferrol), 10 de febreiro do 2018 Cross Popular Master

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza en colaboración co Concello de Cabañas o **XXXII Campionato de Galicia de Campo a Través Master** o sábado 10 de febreiro no circuito de campo a través de O Pinar de Cabañas.

Art.2).- Poderán participar todos aqueles atletas federados das seguintes categorías (homes e mulleres) que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2017/2018) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs doutras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia.*

Art.3).- Poderán participar atletas das categorías:

HOMES	MULLERES
M-35 De 35 a 39 anos	F-35 De 35 a 39 anos
M-40 De 40 a 44 anos	F-40 De 40 a 44 anos
M-45 De 45 a 49 anos	F-45 De 45 a 49 anos
M-50 De 50 a 54 anos	F-50 De 50 a 54 anos
M-55 De 55 a 59 anos	F-55 De 55 a 59 anos
M-60 De 60 a 64 anos	F-60 De 60 a 64 anos
M-65 De 65 a 69 anos	F-65 De 65 a 69 anos
M-70 De 70 a 74 anos	F-70 De 70 a 74 anos
M-75 De 75 a 79 anos	F-75 De 75 a 79 anos
M-80 De 80 a 84 anos	F-80 De 80 a 84 anos
M-85 De 85 en diante	F-85 De 85 en diante



Por equipos se establecen as seguintes categorías.

HOMES

- 1.-De 35 a 44 anos
- 2.-De 45-59
- 3.-Más de 60

MULLERES

Todas as categorías

Os clubs estarán formados por tres atletas., sendo polo menos dous deles da categoría establecida. Un atleta poderá baixar de categoría para completar equipo sempre que o manifeste 45 minutos antes da proba na secretaría de competición. En caso contrario, puntuará co seu grupo de idade.

Non se pode dobrar.

Para realizar a clasificación por equipos sumaranse os postos obtidos polos 3 primeiros atletas en cada carreira. Resultará gañador o equipo que menos puntos obteña (en caso de empate, clasificarase en primeiro lugar o equipo no cal o seu 3º atleta quedase diante). Cada club terá dereito a formar un só equipo por proba e deberá realizar a inscrición como tal.

Art.4).- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras. (Ver anexo)

Apertura cámara de chamadas	Peche Cámara de chamadas	Hora proba	CATEGORÍA *	SEXO	Voltas	DISTANCIA APROX.
		16:00	PROBA POPULAR	H/M	3G	4.500 mteros
16:10	16:20	16:30	Veteráns M45 en adiante	Homes	1P+3G	5.500 metros
16:45	16:55	17:05	Veteranas 35 en adiante	Mulleres	1P+3G	5.500 metros
17:15	17:25	17:35	Veteráns M35, M40	Homes	1P+4G	7.000 metros

*Poderan participar atletas sen licenza na categorías establecida. Inscricións abertas en <http://www.carreirasgalegas.com>, ata o martes 6 de febreiro.

Art.5).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 6 de febreiro do 2018.

Art.6).- Os delegados oficiais dos Clubs ou os propios atletas nos casos de inscricións individuais, poderán retirar na secretaría da competición os seus dorsais ata 45 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período poderá non ser admitida a participación do atleta.

Art.7).- Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas, onde deberán acreditar a súa identidade (presentación de ficha federativa, DNI ou documento acreditativo). Os atletas saldrán à zona de saída ca roupa de competición.



Art.8).- A orde de colocación dos equipos participantes na saída realizarase por sorteo.

Art.9).-Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.10).- Entregaranse medallas ós tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos os tres primeiros equipos. Sendo de obrigado cumprimentos acudir ó protocolo de premiacións.

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.
- Os clubs que desexen anular a participación de algún dos seus atletas deberán remitir un email a direcciontecnica@atletismo.gal sinalando o nome e apelidos do/s atletas que da de baixa e o motivo da mesma, sempre cunha antelación dun mínimo de 48 horas ao día do evento.

Art.12.-Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orden, as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2017-2018), RFEA e I.A.A.F. en vigor.

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA

A Coruña, 31 de xaneiro de 2018



ANEXO

PLANO CIRCUITO

